

XORNADA ENREGUÉIFATE

PARA O FOMENTO E APROVEITAMENTO EDUCATIVO

DA IMPROVISACIÓN ORAL

ENRE
GUÉI
FATE

Matricúlate, de balde, ata o 8 de febreiro, no web

www.enregueifate.gal



17 FEBREIRO

FÓRUM CARBALLO

www.enregueifate.gal



17 Febreiro
Fórum Carballo
Praza dos Bombeiros
Voluntarios s/n. 15100.
Carballo.

XORNADA ENREGUEÍFATE PARA O FOMENTO E APROVEITAMENTO EDUCATIVO DA IMPROVISACIÓN ORAL

Enreguéifate é un proxecto impulsado polos concellos de Ames, Carballo, Santiago de Compostela e Teo que apoia a difusión da **improvisación oral en verso** e contribúe por medio dela á **promoción do uso da lingua galega**.

O obxectivo principal deste proxecto é que a cidadanía entre en contacto coa improvisación oral en verso a través da experiencia de regueifar, nomeadamente no ámbito escolar. Por iso, inclúe accións formativas para alumnado e profesorado, un certame regueifeiro e un encontro anual de regueifa.

Esta xornada que ten lugar en Carballo, enmarcada no proxecto **Enreguéifate**, desenvólvese co obxectivo principal de **dotar de ferramentas e recursos didácticos ao profesorado** para o aproveitamento educativo da improvisación oral e dar a coñecer, valorar, compartir e avaliar experiencias, recursos e materiais positivos e aproveitables de **usos didácticos da regueifa e a improvisación oral no ensino**.

Con esta xornada preténdese contribuír á modernización da creación cultural desde o ámbito escolar e contribuír tamén á **actualización da nosa tradición**. A regueifa é un importante elemento do patrimonio cultural inmaterial galego, e a nosa intención é darlle ao imaxinario tradicional unha funcionalidade no momento actual, crear tradición en activo, ou activar a tradición e actualizala cos valores da **igualdade e a xustiza social e coa enerxía da xente nova**.

OBXECTIVOS

- Dotar de ferramentas e recursos didácticos o profesorado para o aproveitamento educativo da improvisación oral.
- Dar a coñecer, valorar, compartir e avaliar experiencias, recursos e materiais positivos e aproveitables de usos didácticos da regueifa e a improvisación oral no ensino, tanto en Galicia como noutros lugares.
- Valorar a improvisación oral en xeral, e a regueifa en particular, como recurso e medio de interese para o fomento da lingua dunha maneira atractiva e innovadora.
- Contribuír á modernización e actualización de aspectos diversos da tradición en xeral, e da improvisación en particular, desde o punto de vista da igualdade.
- Dar a coñecer o proxecto Enreguéifate entre o profesorado, para a incentivación, actualización e aproveitamento da regueifa.

INFORMACIÓN DE INSCRICIÓN

- **Matricula gratuíta.**
- **Persoas destinatarias:** Docentes de primaria e secundaria, estudantes e comunidade educativa en xeral interesadas en traballar coa improvisación oral como ferramenta educativa, técnicos/as de normalización lingüística, dinamizadores/as sociais e culturais e outras persoas interesadas.
- **Homologación** solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como actividade de 8 horas de formación permanente do profesorado (non se garante certificado de asistencia homologado ás persoas que non son profesorado en activo de centros sostidos con fondos públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).
- **Prazas: máximo 70 prazas.** O 70% das prazas están reservadas a profesorado en activo de centros públicos ou concertados.
- **Prazo de inscrición:** ata o 8 de febreiro.
- **Lugar de inscrición:** a través do formulario habilitado no web www.enregueifate.gal.

PROGRAMA

- 9.30 h **Recepción e entrega de material**
- 9.45 h **Benvida e inauguración**
- 10.00 h **Presentación do Proxecto Enreguéifate**
>Técnicas/os dos concellos impulsores
- 10.30 h **O Proxecto Regueifesta: improvisar para transformar o camiño da lingua**
>Manolo Maseda
- 11.30 h **Café conxunto**
- 12.00 h **A regueifa 2.0: educando en igualdade**
>Alba María e Sara Marchena
- 13.30 h **Algumhas expressons da improvisaçom oral em verso na Galiza e parte do estrangeiro**
>Séchu Sende
- 14.30 h **Xantar**
- 16.30 h **Pasado e presente da Regueifa en Bergantiños**
>Lupe Blanco, Antonio de Xornes e Alba
- 17.30 h **A regueifa está na mesa: unha nova metodoloxía para o ensino e aprendizaxe a través da lingua e da música**
>Séchu Sende e Manolo Maseda
- 19.00 h **Mostra práctica: Foliada regueifeira aberta de clausura na Taberna O Mexillón**
- 20.30 h **Remate**